

Estas son as propostas para escribir o diario cada día desta semana:

Luns: Escribe hoxe que é o que fas un día normal de confinamento: sobre que hora te ergues, que fas ao longo da mañá, sobre que hora comes, como pasas a tarde, se agora saes a dar o paseo arredor dun Km da casa que permite o goberno e a onde, a que hora te deitas... O espazo en branco é para facer un debuxo dalgunha escena que contarás, pero ollo terás un debuxar tamén un reloxo coa hora.

Martes: Como seguramente sabes durante o confinamento hai uns traballos que se consideran esenciais e que non deixaron de traballar en ningún momento: sanitarios, policía, transportistas, agricultores, limpeza, gandeiros, panadeiros, correos, empregados de supermercados, banqueiros, periodistas... Escolle un, cóntanos que é o que fai e por que será tan esencial o seu traballo. Ademais di a que sector de produción pertence (ao **primario** que é aquel que permite conseguir alimentos e materias primas como a agricultura ou a gandaría, ao **secundario** que é aquel que transforma esas materias primas en produtos elaborados normalmente mediante fábricas ou ao **terciario** que é aquel que engloba todos os servizos como o transporte ou o comercio). Debuxa un/ha traballador/a desa profesión.

Mércores: Hoxe terás que elixir un animal que teñas na casa e describirmos como é. Lembra que cando describimos algo ou a alguén usamos moitos adxectivos. Debúxao.

Xoves: Unha das consecuencias negativas do coronavirus será que a xente viaxe menos e iso prexudica moito a todas as persoas que teñen ou que traballan nun negocio de hostalaría coma os hoteis, os

albergues ou os restaurantes que agora están pechados. Cando poidan abrir necesitarán promover que as persoas visiten eses lugares. Por iso propóñoche que no diario de hoxe lle botes unha man ao turismo de onde vives e escribas sobre as marabillas que ten o teu concello, Dumbria, para que veñan velas moitos visitantes cando todo isto remate. Debuxa unha delas.

Venres: Este vindeiro domingo, 3 de maio, é o día da nai. Estou segura de que a ti che tocou a mellor nai do mundo, así que esta folliña do diario terá que ser escrita para ela: podes contar como é, como te coida, canto a queres, algunha cousa que che encanta facer con ela... e agradecerlle que sempre estea aí para darche os mellores consellos. Debúxa.

Sábado e Domingo: como a anterior semana, estes dous días son opcionais e podes contar neles o que ti queiras. Se os fas gárdalos para ter o diario completo.

NOTA: Como esta semana ten só 4 días lectivos pois o venres é festivo, o diario do venres podes enviarmo ou non, segundo ti decidas.
